

a cazola de Lola



“Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que.

Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes.

E atópano raro...

Ademais, o seu cazo complicálle a vida.

Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas...



Ese caso, metáfora dos handicaps que ás veces a infancia ten que arrastrar: físicos, psíquicos, sociais ou familiares, nun primeiro momento é un estorbo, un odioso condicionante. Pero despois convértese nunha simple característica, mesmo nunha oportunidade.



O guiión de A CAZOLA DE LOLA é unha libre adaptación do álbum ilustrado *La petite casserole d'Anatole* de Isabelle Carrier, realizada por Cándido Pazó .

No noso espectáculo o neno francés Anatole convértese pola maxia do teatro na nena galega Lola, na procura de outros horizontes expresivos para o personaxe.

Tanxarina trata neste novo proxecto o concepto de diversidade funcional dunha forma tenra, sutilmente divertida e orientada a un público infantil e tamén adulto, con diversos niveis de comprensión e desfrute.



Con esta peza seguimos explorando as posibilidades do teatro non só como unha celebración festiva e divertida, senón tamén como ferramenta para a reflexión e a formación de valores.



Tlfnos.: 986 40 29 66 .607233681
tanxarina@tanxarina.es
<http://www.tanxarina.es>
<https://www.facebook.com/tanxarina>